



## Concello de Monterrei

---

### DECRETO

Monterrei, 21 de maio de 2019

**JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

É necesario levar a cabo a adxudicación da obra de aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública nas zonas de Guimarei estrada, Albarellos rúa Progreso (O Campo), Albarellos rúa Progreso e Albarellos rúa Concheira, concello de Monterrei.

Esta obra finánciase nun 80% (119.130,16 €) ao abeiro do Real decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o pso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativa FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144, do 17 de xuño de 2017), de acordo co proxecto elaborado para o efecto, cun importe total de 148.912,70 €.

Polo anterior, no uso das atribucións que me confire o apartado primeiro da D.A. 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, DISPOÑO:

Primeiro.- Que se inicie o oportuno expediente de contratación para a adxudicación de:

OBRA: Proxecto de aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública nas zonas de Guimarei estrada, Albarellos rúa Progreso (O Campo), Albarellos rúa Progreso e Albarellos rúa Concheira, concello de Monterrei.

PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado, varios criterios de adxudicación.

TRÁMITE: ordinario.

Segundo.- Que se aprobe o proxecto técnico e se elabore o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia e que emita o

---

**Concello de Monterrei**

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



## Concello de Monterrei

---

informe correspondente a Secretaría-Intervención.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde,

José Luis Suárez Martínez

O secretario,

Paulino Fernández Salgado